

# XEFATURA DO ESTADO

**24961** *Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA).* («BOE» 313, do 31-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

O artigo 157 da Constitución establece, no seu punto 1, o marco xeral do sistema de financiamento das comunidades autónomas, marco este que, en virtude do previsto no punto 3 do precepto citado, se desenvolveu pola Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA, de agora en diante), cunha última modificación que tivo lugar por virtude da Lei orgánica 3/1996, do 27 de decembro.

É, pois, a citada LOFCA o texto legal constitutivo do réxime xurídico xeral do sistema de financiamento das comunidades autónomas, e baixo o seu amparo viñéronse aprobando e aplicando sucesivos modelos desde 1980 ata agora.

Pois ben, por proposta do Goberno da Nación, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, na súa reunión do 27 de xullo de 2001, aprobou un novo sistema de financiamento autonómico, a posta en práctica do cal esixe levar a cabo unha serie de reformas na LOFCA, o que é o obxecto desta lei orgánica. As ditas reformas expóñense a continuación distinguindo por materias, e esta orde será a que tamén se seguirá posteriormente no articulado da lei.

### II

Un dos mecanismos integrantes do sistema de financiamento das comunidades autónomas é o constituído polo réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, mecanismo este que aparece expresamente previsto no artigo 157.1.a) da Constitución e que ten o seu desenvolvemento orgánico básico nos artigos 10 e 11 da LOFCA e ó que debe engadirse o artigo 12 desta norma, que regula, tamén como conseqüente do precepto citado da Constitución, as recargas.

Desde a promulgación inicial da LOFCA, o réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas tivo un desenvolvemento estable e aplicouse conforme a configuración orixinal do seu marco orgánico, sen que fose necesario proceder á reforma deste.

Sen embargo, como froito da súa reunión do 23 de setembro de 1996, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, por proposta do Goberno da Nación, aprobou un novo modelo de financiamento autonómico para o quinquenio 1997-2001, que ten como un dos principios inspiradores básicos a asunción, polas comunidades autónomas, dun importante nivel de corresponsabilidade fiscal.

Para materializar ese principio de corresponsabilidade fiscal, o modelo aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira optou por facer uso do mecanismo da cesión

de tributos do Estado ás comunidades autónomas, e iso mediante a adopción das dúas medidas seguintes: en primeiro lugar, mediante a ampliación do ámbito da cesión a unha parte do imposto sobre a renda das persoas físicas e, en segundo lugar, mediante a atribución ás comunidades autónomas de certas competencias normativas en relación cos tributos cedidos, incluíndo a mencionada parte do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Ningunha das dúas medidas indicadas tiña cabida no marco conformado pola LOFCA orixinal, razón pola cal resultou necesario introducir nese texto legal —e así se fixo pola Lei orgánica 3/1996— as modificacións que permitiron o adecuado encadramento daquelas no marco xeral do sistema de financiamento das comunidades autónomas.

No momento presente, xa articulado o principio de corresponsabilidade fiscal, o Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, na súa reunión do 27 de xullo de 2001, tamén por proposta do Goberno da Nación, aprobou unha ampliación deste, razón pola cal resulta necesario levar a cabo unha nova reforma da LOFCA que lles dea cobertura legal ós acordos alcanzados.

A ampliación do principio de corresponsabilidade fiscal efectiva acordada polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas ten lugar por dous camiños:

En primeiro lugar, abrindo a posibilidade de lles ceder ás comunidades autónomas novos tributos estatais.

En segundo termo, abrindo tamén a posibilidade de lles atribuír ás comunidades autónomas novas competencias normativas nos tributos cunha cesión xa efectiva, así como a posible asunción por elas de competencias normativas en certos tributos que, de agora en diante, poderán ser obxecto de cesión.

Respecto ós tributos susceptibles de seren cedidos ás comunidades autónomas (artigo 11 LOFCA), mantense a susceptibilidade de cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre o patrimonio, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, do imposto sobre sucesións e doazóns e dos tributos sobre o xogo, nos mesmos termos que se predicán na actualidade.

Do catálogo de tributos susceptibles de cesión ata agora vixente, desaparece «a imposición xeral sobre as vendas na súa fase retalista» e «os impostos sobre consumos específicos na súa fase retalista, salvo os recadados mediante monopolios fiscais», ó parecer máis recomendable que a LOFCA contemple qué tributos concretos son susceptibles de cesión, na vez de conter unha lista que agrupe xéneros de tributos susceptibles de cesión.

Aparecen como novidades, dun lado, a posibilidade de ceder-lo imposto sobre o valor engadido con carácter parcial co límite máximo do 35 por 100; doutro, a posibilidade de ceder-lo impostos especiais de fabricación —con excepción do que recae sobre a electricidade—, tamén con carácter parcial e tamén cun límite máximo do 40 por 100, e, por último, a posibilidade de ceder tanto o imposto sobre a electricidade como o imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

Con todo isto lógrase a desexada «cesta de tributos», que, sen dúbida, contribuirá a lograr un financiamento das comunidades autónomas máis acorde coa súa realidade económica e, desde logo, como antes se dixo, máis corresponsable.

Como é natural, a ampliación citada obriga a modificar tamén o artigo 10 da LOFCA, dado que nel se

recollen, de forma xenérica, os puntos de conexión dos tributos susceptibles de cesión.

Polo que se refire á segunda vía para amplia-lo principio de corresponsabilidade fiscal —atribución de novas competencias normativas (artigo 19 LOFCA)— actúase do seguinte modo:

a) En primeiro lugar, polo que se refire a competencias normativas sobre os elementos esenciais dos tributos susceptibles de cesión, delimitáanse, como ata agora, as liñas xerais da atribución de competencias normativas ás comunidades autónomas con relación a cada un dos distintos tributos susceptibles de cesión, delimitación esta que haberá de ser precisada e concretada pola lei que regule a cesión de tributos. Así mesmo, fórmulanse os principios xerais ós que han de someterse as comunidades autónomas no exercicio das competencias normativas que se lles atribúan. As novidades encóntranse no conxunto de novas facultades que, nesta materia, poderán atribuírse ás comunidades autónomas.

Neste punto debe destacarse que a falta de atribución de competencias normativas no imposto sobre o valor engadido e nos impostos especiais de fabricación harmonizados responde á imposibilidade que deriva da normativa da Unión Europea.

b) En segundo lugar, mantense o esquema ata agora vixente, en virtude do cal se delegan nas comunidades autónomas as competencias en materia de xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos tributos cedidos, co alcance e condicións que se especifiquen na lei que regule a cesión de tributos.

Por último, polo que respecta ás recargas, mantense a redacción actual do artigo 12 LOFCA, se ben nel se precisa que as ditas recargas só poderán establecerse naqueles tributos cedidos sobre os que as comunidades autónomas teñen competencias normativas en materia de tipos.

### III

Xunto ós tributos cedidos polo Estado e as recargas, outro dos mecanismos integrantes do sistema de financiamento das comunidades autónomas é o constituído por «outras participacións nos ingresos do Estado», mecanismo este que tamén aparece expresamente previsto no artigo 157.1.a) da Constitución e que ten o seu desenvolvemento orgánico básico no artigo 13 da LOFCA, precepto que debe ser obxecto de reforma para dar unha adecuada cobertura ás resultados do acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001. Neste sentido, ó concibirse un sistema de financiamento integrado que, ademais, se caracteriza por un significativo aumento da capacidade fiscal das comunidades autónomas, a participación en ingresos do Estado intégrase no Fondo de suficiencia que, como mecanismo de peche do sistema de financiamento, cubrirá a diferenza entre as necesidades de gasto calculadas para a comunidade autónoma e a súa capacidade fiscal, debendo fixarse o seu montante inicial na respectiva comisión mixta. A isto debe engadirse a inclusión no dito fondo da participación das cidades de Ceuta e Melilla.

### IV

Na reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas do 27 de xullo de 2001, acordouse dar un impulso ás asignacións de nivelación, sobre a base de entender que hai dous servicios, educación e sanidade, sobre os que ninguén discute o seu carácter de servicios fundamentais.

A esta finalidade responde a modificación do artigo 15 da LOFCA, que remite a lei ordinaria a concreción dos niveis mínimo e medio de prestación dos servicios públicos que poderán dar lugar á percepción das asignacións.

### V

O Fondo de Compensación Interterritorial ten como finalidade, segundo o disposto no artigo 158.2 da Constitución, corrixi-los desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade.

En cumprimento do dito mandato, o artigo 16 da LOFCA establece os principios xerais e as normas básicas ós que debe axustarse o dito fondo, fixándose na Lei 29/1990, do 26 de decembro, do Fondo de Compensación Interterritorial, os seus mecanismos de funcionamento, establecéndose as comunidades autónomas receptoras de recursos, a contía do fondo, os criterios de repartición e o destino que ha de darse a este.

Para dar cumprimento ó Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas do 27 de xullo de 2001, realízanse as oportunas modificacións normativas coa finalidade de dar entrada no Fondo de Compensación Interterritorial ás cidades de Ceuta e Melilla, así como para arbitrar un novo fondo que poida financiar non só gastos de investimento, senón tamén o gasto corrente asociado a ese investimento.

### VI

A progresiva cesión de tributos ás comunidades autónomas e a asunción e exercicio por estas de competencias normativas neles fai aconsellable a revisión da composición dos tribunais económico-administrativos.

Os tribunais económico-administrativos, como órganos encargados de, entre outras funcións, levar a cabo unha función revisora dos actos dictados en materia de xestión, inspección e recadación dos tributos estatais, incluídos os cedidos ás comunidades autónomas e, tamén, das recargas que estas poden establecer, continuarán formando parte da Administración do Estado.

Non obstante o anterior, e derivado do Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001, as comunidades autónomas participarán nas tarefas dos tribunais económico-administrativos rexionais, en materia de tributos cedidos, a través da incorporación de funcionarios destas en calidade de vocais ou relatores que, se é o caso, e en función da dimensión do tribunal de que se trate, formarán parte de salas específicas.

Para tal efecto, a Lei orgánica introduce as modificacións necesarias no artigo 20 da LOFCA, con obxecto de regular positivamente a participación autonómica nos ditos tribunais.

### VII

En materia de resolución de conflitos, esta lei aborda varias cuestións. En primeiro lugar, a posibilidade de que a Xunta Arbitral coñeza non só a resolución dos conflitos positivos, senón tamén dos negativos que se poidan presentar entre as comunidades autónomas e entre estas e o Estado, en relación cos tributos cedidos. En segundo lugar, a posibilidade de que a Xunta Arbitral coñeza sobre os conflitos presentados en materia de cesión de tributos ás comunidades autónomas, non derivadas directamente dos puntos de conexión e, por último, a definición dun procedemento abreviado para asuntos de pequena contía. Estas cuestións esixen a modificación dos artigos 23 e 24 da LOFCA pola presente lei orgánica.

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas en materia de tributos do Estado susceptibles de cesión ás comunidades autónomas.*

1. Dáselle unha nova redacción ó artigo 10 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento

das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 10.

1. Son tributos cedidos os establecidos e regulados polo Estado, o produto dos cales corresponde á comunidade autónoma.

2. Entenderase efectuada a cesión cando tivese lugar en virtude de precepto expreso do estatuto correspondente, sen prexuízo de que o alcance e condicións desta se establezan nunha lei específica.

3. A cesión de tributos polo Estado a que se refire o punto anterior poderá facerse total ou parcialmente. A cesión será total se se cedese a recadación correspondente á totalidade dos feitos impositivos previstos no tributo de que se trate. A cesión será parcial se se cedese a dalgún ou algúns dos mencionados feitos impositivos, ou parte da recadación correspondente a un tributo. En ámbolos casos, a cesión poderá comprender competencias normativas nos termos que determine a lei que regule a cesión de tributos.

4. Sen prexuízo dos requisitos específicos que estableza a lei de cesión:

a) Cando os tributos cedidos sexan de natureza persoal, a súa atribución a unha comunidade autónoma realizarase en función do domicilio fiscal dos suxeitos pasivos, salvo no gravame de adquisicións por causa de morte, no que se atenderá ó do causante.

b) Cando os tributos cedidos graven o consumo, a súa atribución ás comunidades autónomas levarase a cabo ben en función do lugar de consumo, ben en función do lugar no que o vendedor realice a operación a través de establecementos, locais ou axencias, ben en función dos consumos calculados sobre unha base estatística.

c) Cando os tributos cedidos graven operacións inmobiliarias, a súa atribución ás comunidades autónomas realizarase en función do lugar onde radique o inmovible.»

2. Dáselle unha nova redacción ó artigo 11 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 11.

Só poden ser cedidos ás comunidades autónomas, nas condicións que establece esta lei, os seguintes tributos:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial co límite máximo do 33 por cento.

b) Imposto sobre o patrimonio.

c) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

d) Imposto sobre sucesións e doazóns.

e) Imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial co límite máximo do 35 por cento.

f) Os impostos especiais de fabricación, con excepción do imposto sobre a electricidade, con carácter parcial co límite máximo do 40 por cento de cada un deles.

g) O imposto sobre a electricidade.

h) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.

i) Os tributos sobre o xogo.

j) O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.»

3. Dáselle unha nova redacción ó artigo 12 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento

das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 12.

1. As comunidades autónomas poderán establecer recargas sobre os tributos do Estado susceptibles de cesión, excepto no imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. No imposto sobre o valor engadido e impostos especiais unicamente poderán establecer recargas cando teñan competencias normativas en materia de tipos de gravame.

2. As recargas previstas no punto anterior non poderán configurarse de forma que poidan supoñer unha minoración nos ingresos do Estado polos ditos impostos, nin desvirtuar a súa natureza ou estrutura.»

4. Dáselle unha nova redacción ó artigo 19 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 19.

1. A xestión, liquidación, recadación e inspección dos seus propios tributos corresponderalle á comunidade autónoma, a cal disporá de plenas atribucións para a execución e organización das ditas tarefas, sen prexuízo da colaboración que poida establecerse coa Administración tributaria do Estado, especialmente cando así o esixa a natureza do tributo.

2. En caso de tributos cedidos, cada comunidade autónoma poderá asumir, nos termos que estableza a lei que regule a cesión de tributos, as seguintes competencias normativas:

a) No imposto sobre a renda das persoas físicas, a regulación de tarifa e deducións da cota.

b) No imposto sobre o patrimonio, a determinación de mínimo exento e tarifa, deducións e bonificacións.

c) No imposto sobre sucesións e doazóns, reducións da base impositiva, tarifa, a fixación da contía e coeficientes do patrimonio preexistente, deducións, bonificacións, así como a regulación da xestión e liquidación.

d) No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na modalidade "transmisións patrimoniais onerosas", a regulación do tipo de gravame en arrendamentos, nas concesións administrativas, na transmisión de bens móbiles e inmóbiles e na constitución e cesión de dereitos reais que recaían sobre eles, excepto os dereitos reais de garantía; e na modalidade "actos xurídicos documentados", o tipo de gravame dos documentos notariais. Así mesmo, poderán regular deducións da cota, bonificacións, así como a regulación da xestión e liquidación do tributo.

e) Nos tributos sobre o xogo, a determinación de exencións, base impositiva, tipos de gravame, cotas fixas, bonificacións e devengo, así como a regulación da xestión, liquidación, recadación e inspección.

f) No imposto especial sobre determinados medios de transporte, a regulación dos tipos impositivos.

g) No imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos, a regulación dos tipos de gravame, así como a regulación da xestión, liquidación, recadación e inspección.

No exercicio das competencias normativas a que se refire o parágrafo anterior, as comunidades autó-

nomas observarán o principio de solidariedade entre tódolos españois, conforme o establecido ó respecto na Constitución; non adoptarán medidas que discriminen por razón do lugar de localización dos bens, de procedencia das rendas, de realización do gasto, da prestación dos servizos ou de celebración dos negocios, actos ou feitos; e manterán unha presión fiscal efectiva global equivalente á do resto do territorio nacional.

Así mesmo, en caso de tributos cedidos, cada comunidade autónoma poderá asumir por delegación do Estado a súa xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión, se é o caso, sen prexuízo da colaboración que poida establecerse entre ámbalas administracións, todo isto de acordo co especificado na lei que fixe o alcance e condicións da cesión.

O previsto no parágrafo anterior non será de aplicación no imposto sobre a renda das persoas físicas, no imposto sobre o valor engadido, nin nos impostos especiais de fabricación. A xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión destes impostos terá lugar segundo o establecido no punto seguinte.

As competencias que se atribúan ás comunidades autónomas en relación cos tributos cedidos pasarán a ser exercidas polo Estado cando resulte necesario para dar cumprimento á normativa sobre harmonización fiscal da Unión Europea.

3. A xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión, se é o caso, dos demais tributos do Estado recadados en cada comunidade autónoma corresponderalle á Administración tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que aquela poida recibir desta e da colaboración que poida establecerse, especialmente cando así esixa a natureza do tributo.»

**Artigo segundo.** *Modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas en materia de participación nos ingresos do Estado.*

Dáselle unha nova redacción ó artigo 13 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 13.

1. As comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía propio participarán, a través do seu Fondo de suficiencia, nos ingresos do Estado.

2. O Fondo de suficiencia cubrirá a diferenza entre as necesidades de gasto de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía propio e a súa capacidade fiscal.

3. O valor inicial do Fondo de suficiencia de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía propio fixarase en comisión mixta de transferencias. Nos anos sucesivos, o Fondo de suficiencia de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía propio determinarase atendendo ó seu valor inicial e á evolución da recadación estatal, excluída a susceptible de cesión, por aqueles impostos que se determinen por lei.

4. O valor inicial do Fondo de suficiencia de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía propio unicamente poderá ser obxecto de revisión nos seguintes supostos:

a) Cando se produza o traspaso de novos servizos ou se amplíen ou revisen valoracións de traspasos anteriores.

b) Cando cobre efectividade a cesión de novos tributos.»

**Artigo terceiro.** *Modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas en materia de asignacións de nivelación.*

Dáselle unha nova redacción ó artigo 15 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 15.

1. O Estado garantirá en todo o territorio español o nivel mínimo dos servizos públicos fundamentais da súa competencia.

Para efectos deste artigo consideraranse servizos públicos fundamentais a educación e a sanidade.

2. Cando unha comunidade autónoma, coa utilización dos recursos financeiros regulados nos artigos 11 e 13 desta lei orgánica, non chegase a cubri-lo nivel mínimo da prestación do conxunto dos servizos públicos fundamentais que asumiu, establecerase, a través dos orzamentos xerais do Estado, logo do correspondente estudio e con especificación do seu destino, unha asignación complementaria que terá por finalidade garanti-lo nivel da dita prestación nos termos que sinala o artigo 158.1 da Constitución.

3. Considerarase que non se chega a cubri-lo nivel mínimo de prestación dos servizos públicos ós que fan referencia os puntos anteriores, cando a súa cobertura se desvíe, na contía que dispoña a lei, do nivel medio destes no territorio nacional.

4. Se estas asignacións en favor das comunidades autónomas tivesen que reiterarse nun espazo de tempo inferior a cinco anos, o Goberno propondrá, logo de deliberación do Consello de Política Fiscal e Financeira, ás Cortes Xerais a corrección do Fondo de suficiencia establecido no artigo 13 desta lei orgánica.

5. Cada comunidade autónoma deberá dar conta anualmente ás Cortes Xerais da utilización que efectuaron das asignacións orzamentarias percibidas e do nivel de prestación alcanzado nos servizos con elas financiados.»

**Artigo cuarto.** *Modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas en materia do Fondo de Compensación Interterritorial.*

1. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 4 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«2. Se é o caso, as comunidades autónomas poderán obter igualmente ingresos procedentes de:

a) As asignacións que se establezan nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co disposto nesta lei.

b) As transferencias dos Fondos de Compensación Interterritorial, os recursos dos cales teñen o carácter de carga xeral do Estado para os efectos previstos nos artigos 2, 138 e 158 da Constitución.»

2. Dáselle unha nova redacción ó artigo 16 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 16.

1. De conformidade co principio de solidariedade interterritorial ó que se refire o punto 2 do artigo 158 da Constitución, nos orzamentos xerais

do Estado dotarase anualmente un Fondo de Compensación, os recursos do cal teñen o carácter de carga xeral do Estado, tal e como se determina no artigo 4.2.b) desta lei.

O Fondo de Compensación será distribuído polas Cortes Xerais, de conformidade co establecido no artigo 74.2 da Constitución, entre comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

2. Con independencia do Fondo de Compensación establecido no punto 1 anterior, nos orzamentos xerais do Estado tamén se dotará anualmente un fondo complementario do anterior, os recursos do cal terán así mesmo o carácter de carga xeral do Estado.

3. O Fondo de Compensación dotarase anualmente da seguinte forma:

a) Cunha cantidade que non poderá ser inferior ó 22,5 por cento da base de cálculo do investimento público que fora aprobado nos orzamentos xerais do Estado do exercicio, tal e como se defina na lei reguladora dos fondos de compensación interterritorial.

b) Adicionalmente, co 1,5 por cento da cantidade determinada na letra anterior e o importe que se asigne legalmente en función da variable "cidade con estatuto de autonomía".

c) Adicionalmente, co 4,02 por cento da cantidade determinada na letra a) anterior, e o importe que se asigne legalmente pola variable de "rexión ultraperiférica".

As ditas contías destinaranse a gastos de investimento nos territorios comparativamente menos desenvolvidos e repartiranse de acordo cos criterios establecidos no número seguinte.

4. O importe resultante de aplica-la letra a) do punto precedente distribuirase entre comunidades autónomas perceptoras conforme os seguintes criterios:

- a) A inversa da renda por habitante.
- b) A taxa de poboación emigrada nos últimos dez anos.
- c) A porcentaxe de desemprego sobre a poboación activa.
- d) A superficie territorial.
- e) O feito insular, en relación co afastamento do territorio peninsular.
- f) Outros criterios que se consideren pertinentes.

A ponderación dos criterios anteriores e dos índices de distribución establecerase por lei e será revisable cada cinco anos.

O importe total resultante de aplica-la letra b) do punto precedente distribuirase por partes iguais entre as cidades con estatuto de autonomía propio, en consideración á especificidade da súa condición fronteiriza.

5. O fondo complementario dotarase anualmente para cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía propio, cunha cantidade equivalente ó 33,33 por cento do seu respectivo Fondo de Compensación.

A dita contía destinarase a gastos de investimento. Non obstante, por solicitude dos territorios beneficiarios, poderá destinarse a financiar, durante o período que determine a lei, gastos de funcionamento asociados ós investimentos financiados con cargo ó Fondo de Compensación ou a este fondo.

6. As transferencias dos Fondos de Compensación Interterritorial recibidas deberán destinarse a financiar proxectos de carácter local, comarcal,

provincial ou rexional de infraestrutura, obras públicas, regadíos, ordenación do territorio, vivenda e equipamento colectivo, mellora do hábitat rural, transportes e comunicacións e, en xeral, aqueles investimentos que coadruven a diminuí-las diferencias de renda e riqueza no territorio español. Non obstante o anterior, as transferencias recibidas do fondo complementario poderán destinarse a financiar gastos de funcionamento asociados ós proxectos de investimento relacionados anteriormente.

7. O Estado, comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, co fin de equilibrar e harmoniza-lo desenvolvemento rexional, de común acordo determinarán, segundo a distribución de competencias existentes en cada momento, os proxectos en que se materializan os investimentos realizados con cargo ós Fondos de Compensación.

8. Cada territorio deberá dar conta anualmente ás Cortes Xerais do destino dos recursos recibidos con cargo ó Fondo de Compensación, así como o estado de realización dos proxectos que con cargo a este estean en curso de execución.

9. Os posibles excedentes dos fondos nun exercicio económico quedarán afectos a estes para a atención dos proxectos de exercicios posteriores.

10. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os investimentos que efectúe directamente o Estado e o sector público estatal inspíranse no principio de solidariedade.»

3. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 18 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«2. Os recursos financeiros que se comprometan a achega-las comunidades autónomas correspondentes poderán provir total ou parcialmente das transferencias dos Fondos de Compensación Interterritorial a que tiveran dereito, de acordo co establecido nesta lei.»

**Artigo quinto.** *Modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas en materia de participación das comunidades autónomas nos tribunais económico-administrativos.*

Dáselle unha nova redacción ó artigo 20 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 20.

1. O coñecemento das reclamacións interpostas contra os actos dictados polas respectivas administracións en materia tributaria, tanto se nelas se suscitan cuestións de feito como de dereito, corresponderá:

a) Cando se trate de tributos propios das comunidades autónomas, ós seus propios órganos económico-administrativos.

b) Cando se trate de tributos cedidos, ós órganos económico-administrativos do Estado.

c) Cando se trate de recargas establecidas sobre tributos do Estado, ós órganos económico-administrativos deste.

2. O disposto nas letras b) e c) do punto 1 anterior entenderase sen prexuízo da participación das comunidades autónomas nos tribunais económico-administrativos rexionais do Estado.

3. As resolucións dos órganos económico-administrativos, tanto do Estado como das comunidades autónomas, poderán ser en todo caso obxecto de recurso contencioso-administrativo, nos termos establecidos pola normativa reguladora desta xurisdicción.»

**Artigo sexto.** *Modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas en materia de resolución de conflitos.*

1. Dáselle unha nova redacción ó artigo 23 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 23.

1. Os conflitos que se susciten na aplicación dos puntos de conexión dos tributos serán resolto por unha xunta arbitral.

2. Poderán promover o conflito as administracións que consideren producido no seu territorio o rendemento do tributo de que se trate, así como aquelas que se consideren competentes nos procedementos de xestión, inspección ou recadación respectivos, de acordo cos puntos de conexión aplicables.

3. Da mesma forma, poderán promover o conflito as administracións que non consideren producido no seu territorio o rendemento ou que non se consideren competentes nos procedementos de xestión, inspección ou recadación cando outra Administración sosteña, respecto daquelas, que si debe considerarse producido no seu territorio o rendemento ou que si son competentes nos citados procedementos.

4. As competencias da xunta arbitral estenderanse á resolución daqueles conflitos que poidan presentarse entre administracións sobre a titularidade do rendemento ou das competencias de xestión, inspección ou recadación, como consecuencia da aplicación territorial das normas ou acordos de cesión de tributos ás comunidades autónomas.

5. Os conflitos serán resolto polo procedemento que regulamentariamente se estableza, no que se dará audiencia ó interesado. O dito procedemento, cando ningunha das dúas cotas líquidas obxecto de conflito supere 125.000 euros, poderá consistir nun procedemento simplificado.

6. Os conflitos serán resolto polos seguintes órganos:

a) No caso de que a controversia se produza entre as administracións do Estado e dunha ou varias comunidades autónomas, ou destas entre si, será resolto pola xunta arbitral que se regula no artigo seguinte.

b) Se no conflito interviñese a Administración doutros territorios distintos dos referidos na letra anterior, un representante da Administración do Estado será substituído por outro designado polo Consello Executivo ou Goberno da Comunidade Autónoma.

7. Cando se suscite o conflito, as administracións afectadas notificaránllelo ós interesados, o que determinará a interrupción da prescrición, e absteranse de calquera actuación ulterior.

Non obstante o anterior, cando fosen practicadas liquidacións definitivas por calquera das administracións afectadas, as ditas liquidacións terán plenos efectos, sen prexuízo da posibilidade de practicala revisión de oficio prevista na Lei xeral tributaria.

8. A xunta arbitral resolverá conforme a dereito, de acordo con principios de economía, celeridade e eficacia, tódalas cuestións que ofrezan o expediente, foran ou non

presentadas polas partes ós interesados no conflito, incluídas as fórmulas de execución.

9. As resolucións da xunta arbitral terán carácter executivo e serán impugnables en vía contencioso-administrativa.»

2. Dáselle unha nova redacción ó artigo 24 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 24.

1. A xunta arbitral a que se refire o punto 6. a) do artigo anterior estará presidida por un xurista de recoñecido prestixio, designado para un período de cinco anos polo ministro de Facenda, por proposta do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas. Serán vocais desta xunta:

a) Cando a controversia se suscite entre o Estado e unha ou máis comunidades autónomas, catro representantes do Estado, designados polo ministro de Facenda, un dos cales actuará como secretario, e catro representantes de cada comunidade autónoma en conflito, designados polo correspondente Goberno destas.

b) Cando a controversia se suscite entre comunidades autónomas, catro representantes do Estado e catro de cada comunidade autónoma en conflito, designados polo correspondente Goberno destas, actuando como secretario un representante do Estado.

2. En todo o referente ó funcionamento, convocatoria, reunións e réxime de adopción de acordos da xunta arbitral observarse o disposto, en materia de órganos colexiados, no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No procedemento simplificado actuará como órgano de resolución o presidente da xunta arbitral.»

**Artigo sétimo.** *Modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas en materia de principios xerais.*

Engádese unha nova letra e) ó punto 1 do artigo 2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que quedará redactado como segue:

«e) A lealdade institucional, que determinará a valoración do impacto, positivo ou negativo, que poidan supoñer as actuacións do Estado lexislador en materia tributaria ou a adopción de medidas de interese xeral, que eventualmente poidan facer recaer sobre as comunidades autónomas obrigacións de gasto non previstas á data de aprobación do sistema de financiamento vixente, e que deberán ser obxecto de valoración anual en canto ó seu impacto, tanto en materia de ingresos como de gastos, polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.»

**Disposición adicional primeira.** *Asignacións de nivelación.*

A modificación introducida no artigo 15 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, só será aplicable ás desviacións que se produzan no sistema de financiamento das comunidades autónomas que entra en vigor o 1 de xaneiro de 2002.

**Disposición adicional segunda.** *Atribución á Comunidade Autónoma de Canarias de competencias normativas no imposto xeral indirecto canario.*

No imposto xeral indirecto canario, a Comunidade Autónoma de Canarias terá capacidade normativa para regular:

- a) As obrigacións formais do imposto.
- b) Os tipos de gravame dentro dos límites fixados polo artigo 27 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**24962** *LEI 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidadas con estatuto de autonomía. («BOE» 313, do 31-12-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

Por proposta do Goberno da Nación, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, na súa reunión do 27 de xullo de 2001, aprobou un novo sistema de financiamento autonómico que para a súa posta en práctica esixe levar a cabo unha serie de reformas legais, unhas con rango orgánico, como é o caso da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas, outras sen tal rango. O obxecto desta lei é acomete-las reformas aludidas en segundo lugar. Para a súa consecución, esta lei estrutúrase nun título preliminar, introductorio do seu contido, e seis títulos posteriores, cada un dos cales responde ás ideas que se expresan nos puntos seguintes, dúas disposicións transitorias, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No título preliminar establécese como obxecto da lei a regulación do sistema de financiamento das comunidades autónomas desde o 1 de xaneiro de 2002, do réxime xeral da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, da participación das comunidades autónomas na Axencia Estatal de Administración Tributaria, das asignacións de nivelación dos servizos públicos fundamentais e a adaptación da Lei xeral de sanidade e do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social.

### II

O título I, rubricado co epígrafe «Sistema de financiamento das comunidades autónomas», é algo novidoso na técnica lexislativa que se seguira ata agora cos distintos métodos, modelos e sistemas empregados para financia-las comunidades autónomas. En efecto, mentres que en momentos anteriores os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas se publicaban como tales acordos no «Boletín Oficial del Estado», esta é a primeira vez que, en vehículo con rango formal de lei, se regula o novo sistema de financiamento, o cal pareceu de todo punto indispensable dada a súa vocación de permanencia.

O novo sistema de financiamento fundaméntase nos principios de: xeneralidade, estabilidade, suficiencia, autonomía, solidariedade, coordinación, participación na Axencia Estatal de Administración Tributaria e participación nos tribunais económico-administrativos. Tales principios materialízanse na regulación concreta dos distintos elementos do sistema, como queda de manifesto a continuación.

O principio de xeneralidade maniféstase en dúas vertentes: a primeira fai referencia ó seu carácter integrador, en tanto que abrangue o financiamento de tódolos servizos susceptibles de traspaso ás comunidades autónomas. Ata agora existían tres formas de financiamento diferenciadas, unha para os denominados servizos comúns, outra para os servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social e a terceira, para os servizos sociais da Seguridade Social.

A segunda implica que o sistema de financiamento é de aplicación ás comunidades autónomas que cumpran os requisitos deste.

Consonte o principio de estabilidade, o sistema de financiamento ten vocación de permanencia. Iso permite que as comunidades autónomas poidan realizar unha planificación a longo prazo con maior certeza e seguridade.

O principio de suficiencia, que se concreta en tres elementos: no cálculo das necesidades de financiamento, na regulación dos seus recursos e nas súas regras de evolución, asegura que tódalas comunidades autónomas dispoñen dos recursos suficientes para atender a prestación dos servizos asumidos e os susceptibles de traspaso.

En virtude do principio de autonomía, o sistema de financiamento amplía as potestades de decisión das comunidades autónomas en materia fiscal, tanto no que respecta á forma de obtención dos seus recursos, como ás condicións de prestación dos seus servizos.

O principio de solidariedade garante que as comunidades autónomas poidan presta-los seus servizos en condicións equivalentes, con independencia das distintas capacidades de obtención de recursos tributarios, mediante a determinación das necesidades totais de financiamento e mediante a implantación do denominado «Fondo de suficiencia».

En aplicación do principio de coordinación, o sistema de financiamento incorpora as normas concretas de localización e atribución dos rendementos dos tributos cedidos ás comunidades autónomas, así como de colaboración entre as administracións na xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos, e tamén na revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria, coa finalidade de lle dar maior seguridade e estabilidade ó exercicio das potestades fiscais das comunidades autónomas.

Consecuencia do principio de participación na Axencia Estatal de Administración Tributaria, o sistema introduce a forma de colaboración e participación efectiva das comunidades autónomas na toma de decisións na Axencia Estatal de Administración Tributaria, especialmente naquelas áreas que afecten a xestión dos seus recursos.